

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I1OV	CON/31/2018	24-09-18 13:14

Número 4 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á anulación do procedemento "servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela".

Destinatario

15078DCMG12I1OVn



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

**4 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á ANULACIÓN DO PROCEDEMENTO "SERVIZO DE OFICINA TÉCNICA DO PROXECTO SMARTIAGO EN APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE (MEIC) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 18.setembro.2018, que é do seguinte teor literal:

"Xan Duro Fernández, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática, en virtude das competencias atribuídas por decreto de Alcaldía de data 28/06/2017 EXPÓN:

Con data 17 de setembro de 2018 dítase resolución polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia ante o recurso especial de contratación interposto pola empresa SCIENCE & INNOVATION LINK OFFICE (SILO) ao amparo do establecido no artigo 50 da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Público, contra anuncio de licitación publicado o 23 de xullo de 2018 e o prego de cláusulas administrativas particulares da licitación do "Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade ( MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela"

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I10V	<i>Expediente</i> CON/31/2018	<i>Fecha</i> 24-09-18 13:14

(CON/31/2018) e de conformidade co fallo do mesmo que se concreta nos seguintes termos:

"1. Estimar o recurso interposto por SCIENCE&INNOVATIO LINK OFFICE SL contra o prego de cláusulas administrativas particulares da contratación dun "Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación dun convenio de colaboración do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade co Concello de Santiago de Compostela" CON/31/2018, cos efectos recollidos no último dos fundamentos xurídicos.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día"

E o citado fundamento décimo primeiro que establece:

"Décimo primeiro: En virtude do dito procede estimar o recurso e anular no prego de cláusulas administrativas particulares o apartado 4 do anexo 0, en canto o referido á "Acreditación da solvencia técnica ou profesional" e o apartado 9.A.2.1 no tocante ao criterio de adjudicación dependente de xuízo de valor de "Dirección de proxecto" o que implica, ao abeiro do recollido na S TXUE de 4 de decembro de 2003 no asunto c-488/01, a anulación de todo o procedemento de adjudicación."

Visto o exposto realízase a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

A execución, nos seus propios termos, da resolución n° 74/2018 do TACGal que supón anular o procedemento de adjudicación do contrato de "Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación dun convenio de colaboración do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade co Concello de Santiago de Compostela" CON/31/2018."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

A execución, nos seus propios termos, da resolución n° 74/2018 do TACGal que supón anular o procedemento de adjudicación do contrato de "Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación dun convenio de colaboración do Ministerio de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I10V	<i>Expediente</i> CON/31/2018	<i>Fecha</i> 24-09-18 13:14

Economía, Industria e Competitividade co Concello de Santiago de Compostela" CON/31/2018.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: **Xan Xesús Duro Fernández**



